

# PLAN DIXITAL

# IES DE BRIÓN

Versión 1.0_ xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

Nome :IES de Brión
Enderezo:Paseo Pedrouzos, 3 - San Fins - 15865 - Brión (A Coruña)
Correo electrónico: *ies.brion@edu.xunta.gal*
Páxina web: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbrion/
Etapas educativas: ESO e Bacharelato
nº de alumnado: 332 en ESO e 97 en bacharelato. En total 429
n.º de profesorado:*45*

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *O IES de Brión atópase en Pedrouzos, capital do concello de Brión situado no val da Maía. Esta ubicación determina as características do noso alumnado e axuda a explicar a súa heteroxeneidade. Unha parte das nosas alumnas e alumnos vive nun entorno rural, utiliza o galego como lingua materna vehicular Mais a proximidade a Santiago de Compostela e Bertamiráns, fai que o Centro teña tamén un alumnado de cultura urbana reforzada polas numerosas urbanizacións que hai no concello de Brión, polo tanto o ámbito sociocultural deste alumnado cuasiurbano é diverso.*

*O centro participa no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) en todos os cursos de ESO que contribúe á incorporación das novas tecnoloxías ao sistema educativo en todos os seus ámbitos.*

*Cabe resaltar que o Proxecto Dixital está vencellado ó Proxecto Educativo contribuíndo a alcanzar as áreas de mellora a partir da análise de fortalezas e debilidades dixitais do Centro.*

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

*O Plan Dixital do noso centro está baseado na seguinte normativa:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

## 1.4. Proceso de elaboración

*Seguindo as instruccións que nos indica a normativa anteriormente mencionada, a partir dos datos que se obtiveron do SELFIE e do TestCDD analizáronse as debilidades e fortalezas do Centro dando lugar ó DAFO, e a partir del propuxéronse os obxectivos do Plan de Acción do Plan Dixital*
*que serven de punto de partida para a elaboración do Plan dixital de Centro*

# 2. Situación de partida

## 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Infraestrutura dixital do centro:*
  - *Infraestruturas de voz: Teléfono por IP nos departamentos, sala de profesorado, orientación, dirección, xefatura, secretaría, administración e conserxería.*
  - *Conexións cableadas:Todas as aulas dispoñen de conexión cableada.*
  - *Conexións sen fíos: Disponse de conexión sen fíos no centro, aínda que nalgunhas dependencias hai sombras.*
  - *Conectividade: A conexión a Internet é aceptable aínda que por veces a velocidade é baixa*

- *Equipamento dispoñible:*

| Categorías | Espazo | Equipamento dispoñible | Procedencia | Estado |
|---|---|---|---|---|
| Aula dixitalizadas ESO | 14 aulas | -1 ordenador portátil de aula<br>-1 PDI<br><br>-350 ultraportátiles táctiles para asignar individualmente a cada alumno/a que están repartidos en 14 grupos, co seu carro de carga correspondente. | EDIXGAL e Abalar | Aceptable , excepto 3 ordenadores de aula que son moi vellos (11 anos) |
| Aula dixitalizadas bacharelato | 4 aulas | -1 ordenador sobremesa<br>-1 canón proxector de largo alcance ou 1 Panel interactivo | O centro | Ben |
| Outras aulas de desdobre | 3 aulas | -1 ordenador sobremesa<br>-1 canón proxector de largo alcance | O centro | aceptable |
| | Salón de actos | -1 ordenador portatil<br>-1 canon proxector de largo alcance | O centro | Ordenador vello |
| Aulas especificas | Música | -1 ordenador sobremesa<br>-1 Panel interactivo | O centro | Ben |
| | Debuxo | 1 PDI+1canón<br>2 ordenadores sobremesa | O centro e administración | Ben |
| | Tecnoloxía | 1 portatil de aula<br>1 PDI+1 canón<br>15 ordenadores sobremesa de alumnado | Doación externa e administración | Ordenadores sobremesa aceptables |
| | Laboratorio ciencias | 1 ordenador portátil<br>1 canón | O centro | Ordenador vello |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Laboratorio química | 1 ordenador sobremesa<br>1 canón | O centro | Ben |
| Postos de traballo de xestión e admnistración do centro | Administración | 1 ordenador sobremesa | O centro | Ben |
| Uso na biblioteca | | 1 ordenador de biblioteca<br>1 canón de largo alcance<br>5 portátiles de consulta | O centro | Ben, excepto os portátiles de consulta que xa son vellos |
| Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos | Sala de profesorado | 3 ordenadores sobremesa | O centro | Ben |
| | Departamentos (10) | Cada habitáculo de departamento ou compartido ten un ordenador sobremesa | Administración | Malo. Moi vellos |
| Aula de informática. | 1 aula de informática | 1 ordenador sobremesa para profesorado<br>1 PDI de canón de largo alcance<br>24 ordenadores para alumnado | O centro e administración | Ben, excepto 4 equipos vellos |

- *Servizos dixitais educativos: Disponse de servizos facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,Xade,…).*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro: No programa de EDIXGAL dispón de Servizo Premium que cubre a xestión do mantemento dos equipos e aulas de ESO*

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**A***utoavaliación SELFIE: O resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:*

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| **A -Liderado** | Equipo Direct. | | 3,8 | 3,8 | | |
| | Profesorado | | 3,1 | 3,3 | | |
| | Alumnado | | | | | |
| **B- Colaboración e redes** | Equipo Direct. | | 3 | 3 | | |
| | Profesorado | | 2,9 | 3 | | |
| | Alumnado | | 2,9 | 2,4 | | |
| **C- Infraestruturas e Equipos** | Equipo Direct. | | 4,7 | 4,7 | | |
| | Profesorado | | 3,6 | 3,5 | | |
| | Alumnado | | 3,8 | 3,4 | | |
| **D- Desenvolvemento profesional continuo** | Equipo Direct. | | 5 | 5 | | |
| | Profesorado | | 3,5 | 3,7 | | |
| | Alumnado | | | | | |
| **E- Pedagoxía: Apoio e Recursos** | Equipo Direct. | | 4,5 | 4,5 | | |
| | Profesorado | | 4,4 | 4,7 | | |
| | Alumnado | | 3,9 | 4,1 | | |
| **F- Pedagoxía: Implementación na aula** | Equipo Direct. | | 3,9 | 3,9 | | |
| | Profesorado | | 3,9 | 4 | | |
| | Alumnado | | 3,3 | 2,9 | | |
| **G- Prácticas de avaliación** | Equipo Direct. | | 3,5 | 3,5 | | |
| | Profesorado | | 3,4 | 3,8 | | |
| | Alumnado | | 2,9 | 2,5 | | |
| **H- Competencias dixitais do alumnado** | Equipo Direct. | | 3,9 | 3,9 | | |
| | Profesorado | | 3,6 | 3,6 | | |
| | Alumnado | | 3,3 | 3 | | |

***Test CDD:** Nas seguintes táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro recóllese información do nivel de competencia dixital do profesorado do noso centro e na táboa 1.3 a relación co perfil de profesorado participante no TestCDD*

*1.3. Participación segundo perfil do profesorado*

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|---|---|---|---|
| **DEFINITIVO** | 17 | 25 | 68% |
| **PROVISIONAL** | 10 | 13 | 76,9% |
| **INTERINO** | 4 | 6 | 66,7% |
| **SUBSTITUTO** | 2 | 7 | 28,6% |
| **DESPRAZADO** | 0 | 0 | 0% |

*2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro*

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|
| 84,5 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

*2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas*

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| **ESO** | *87,1* | *Integrador/a (B1)* | *79,2* | *Integrador/a (B1)* |
| **BAC** | *88,3* | *Integrador/a (B1)* | *77,9* | *Integrador/a (B1)* |
| **F.P** | | | | |

*2.3. Distribución do profesorado por niveis*

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|---|---|---|
| **A1** | 1 | 3% |
| **A2** | 11 | 33,3% |
| **B1** | 11 | 33,3% |
| **B2** | 6 | 18,2% |
| **C1** | 4 | 12,1% |
| **C2** | 0 | 0% |
| **TOTAL** | 33 | 99,90% |

**Outras fontes:** *Situacións e dificultades observadas no centro polo profesorado no día día nas aulas cando desenrolaban a súa labor docente.*

## 2.3. Análise DAFO

*A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.*

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | **INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO** | C.14 Os espazos físicos facilitan a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. | |
| | **PERSOAL DOCENTE** | D2. No centro desenvólvense actividades para o DPC do profesorado no relativo ao ensino-aprendizaxe co tecnoloxías dixitais.<br><br>E1 O noso profesorado emprega recursos educativos dixitais en liña<br><br>E2 O noso profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu labor de ensino<br><br>E4 O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais na comunicación relativa ao centro educativo. | A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.<br><br>F4. As actividades de aprendizaxe dixitais deseñadas polo profesorado non son sufientemente motivadoras para o alumnado<br><br>F6. O profesorado non fomenta suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando as tecnoloxías dixitais.<br><br>G O profesorado non emprega habitualmente as ferramentas dixitais no proceso de avaliación |
| | **PERSOAL NON DOCENTE** | | |
| | **ALUMNADO** | | H13. O alumnado considera que carece da capacidade para resolver problemas técnicos que xorden no emprego das tecnoloxías dixitais. |
| | **FAMILIAS** | | |
| | **OFERTA** | | |
| | **ORGANIZACIÓN DO CENTRO** | A1 Hai unha estratexia dixital no centro<br><br>C1: O equipo directivo considera que a infraestrutura dixital respalda á ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.<br><br>C11 Existen no centro protocolos para detectar as dificultades no aprendizaxe mixto relacionadas co contexto socioeconómico do alumnado.<br><br>C13: O alumnado pode traer os seus propios dispositivos portátiles e utilizalos durante as clase | B1 No se avalían suficientemente os progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | O centro participa no programa EDIXGAL<br><br>C.16 Existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza e aprendizaxe<br><br>D2. O profesorado ten acceso de actividades para o seu DPC no relativo ao ensino-aprendizaxe co tecnoloxías dixitais.<br><br>O profesorado participa en actividades formativas individuais organizadas polas Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais do profesorado | As limitacións que presenta a maqueta Abalar inhabilitando a visión de determinados vídeos que o profesorado considera oportunos para desenvolver a súa labor docente<br><br>Os materiais educativos que aporta EDIXGAL son de calidade mellorable.<br><br>A inexistencia de un correo corporativo para o alumnado suministrado pola administración educativa.<br><br>A velociadade baixa de internet por momentos no centro.<br><br>Wifi con zonas de sombras<br><br>C.2 Falta de dispositivos dixitais para docentes<br><br>C4. Non se dispón de asistencia técnica<br><br>A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais. |
| | LEXISLACIÓN | | |
| | CONTORNA | | Hai zonas do rural no concello con mala cobertura de rede |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | Colaboración con outros centros en programas educativos en liña. | |

# 3. Plan de Acción

*Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.*
*Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.*

## 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*A partir dos datos obtidos no DAFO estableceronse as áreas prioritarias e determináronse os obxectivos (que son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal ) que queremos conseguir.*
*Ditos obxetivos veñen recollidos nas táboas que aparecen a continuación, que ademais serán empregadas para facer o seguimento de cada obxetivo na fase de avaliación do Plan.*

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| Área/s de mellora: Liderado (A) e Pedagoxía (F) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 1: | Promover a formación do profesorado no deseño e creación de actividades de aprendizaxe dixital | | | Acadado | |
| Responsable: | Dirección | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Nº de profesores/as participantes no PFPP<br>Nº de recursos creados polo profesorado | | | | |
| Valor de partida: (3) | Sen datos previos | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | Nº profesorado participante: 20% do profesorado<br>e<br>Nº recursos por profesor/a participante: 2<br>(teñen que se cumplir ambos indicadores) | | xuño 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN<br>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) |
| AO1.1:Solicitude de cursos de formación relativos á creación de recursos educativos dixitais a través do PFPP e/ou formación entre iguais. | Dirección | 30/10/2023 | Ordenador e conexión a Internet | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO1.2: Creación de actividades/recursos dixitais polo profesorado implicado. | Profesorado participante | xuño de 2023 | Equipamento informático<br>Equipamento audiovisual<br>Conexión a internet | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO1.3: Sesións para o intercambio de coñecementos e experiencias en deseño e creación de actividades de aprendizaxe dixital. | Equipo de dinamización do Plan dixital e profesorado participante | xuño de 2023 | Equipamento informático<br>Equipamento audiovisual<br>Conexión a internet | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO1.4: Incorporación dos materiais creados no desenvolvemento da práctica docente. | Profesorado participante no PFPP | xuño de 2023 | Equipamento informático<br>Equipamento audiovisual<br>Conexión a internet | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

| Área/s de mellora: Pedagoxía (F) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 2: (1) | Promover o traballo por proxectos interdisciplinares empregando as tecnoloxías dixitais | | | | Acadado |
| Responsable: | Coordinador do equipo do Plan Dixital | | | | Non acadado |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Nº de proxectos desenvolvidos ou nº de departamentos implicados en cada un deles | | | | |
| Valor de partida: (3) | Sen datos previos | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 3 proxectos desenvolvidos ou 8 departamentos implicados<br>(con que se alcance a lo menos un dos dous indicadores considérase alcanzado) | | | xuño 2023 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN<br>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) |
| AO2.1: Adquisición de compromisos de colaboración en CCP | Xefes/as de Departamento | outubro 2022 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO2.2: Solicitude de participación do Proxecto “Polos Creativos” | Coordinador do equipo de dinamización do Plan Dixital | maio 2022 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO2.3: Desenvolvemento de proxectos interdisciplinares empregando as tecnoloxías dixitais nos diferentes niveis educativos | Profesorado implicado | xuño 2023 | Equipamento informático<br>Equipamento audiovisual<br>Conexión a internet | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO2.4: Dinamización e xestión de uso dos espazos e materiais asociados ao proxecto de Polos Creativos | Equipo de dinamización do Plan Dixital | xuño 2023 | Dotación do proxecto Polos Creativos | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **AO2.5:** Difusión dos proxectos desenvolvidos | Dirección e profesorado implicado | xuño 2023 | Equipamento informático<br>Equipamento audiovisual<br>Conexión a internet | | **Realizada**<br>**Aprazada**<br>**Pendente** | |

| Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 3: (1) | Fomentar a autonomía do alumnado na resolución de problemas técnicos e na xestión do equipamento informático | | | | Acadado | |
| Responsable: | Coordinador do equipo de dinamización TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Nº alumnado participante | | | | | |
| Valor de partida: (3) | Sen datos previos | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | Nº alumnado participante: 2 por aula | | | xuño 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN: VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN: ESTADO (10) | |
| AO3.1: Creación dun grupo estable de alumnado axudante TIC | Equipo de dinamización do Plan Dixital | outubro 2022 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.2: Formación do alumnado axudante na xestión do equipamento informático do centro | Equipo de dinamización do Plan Dixital | xaneiro 2023 | Equipamento informático<br>Conexión a internet | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.3: Formación do alumnado na resolución de problemas técnicos básicos | Equipo de dinamización do Plan Dixital | abril 2023 | Equipamento informático<br>Conexión a internet | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.4 Dinamización das actuacións do alumnado axudante | Dirección<br>Persoas titoras<br>Equipo de dinamización do Plan Dixital | xuño 2023 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |

<table>
<tr><td colspan="7">Área/s de mellora: Infraastructura e equipos (C)</td></tr>
<tr><td>OBXECTIVO 4: (1)</td><td colspan="4">Mellorar as infraestruturas e equipamento de centro relativos á dotación TIC e acceso á rede</td><td>Acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>Responsable:</td><td colspan="4">Dirección</td><td>Non acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</td><td colspan="6">Cobertura wifi<br>Equipos renovados</td></tr>
<tr><td>Valor de partida: (3)</td><td colspan="6">- Cobertura wifi: dúas zonas con pouca cobertura.<br>- Ordenadores de aula obsoletos: 12<br>- Filtro de acceso ao contido inadecuado: non hai acceso a streaming de YouTube nin diversos vídeos educativos</td></tr>
<tr><td>Valor previsto e data: (4)</td><td colspan="3">- Cobertura wifi completa en todas as dependencias do centro<br>- Renovación completa dos equipos anteriores ao 2016<br>- Filtro de acceso ao contido inadecuado: acceso completo a todos os contidos de carácter educativo</td><td colspan="3">xuño 2023</td></tr>
<tr><td colspan="7">ACCIÓNS A DESENVOLVER</td></tr>
<tr><td rowspan="2">DESCRICIÓN (5)</td><td rowspan="2">RESPONSABLES (6)</td><td rowspan="2">DATA PREVISTA FIN (7)</td><td rowspan="2">RECURSOS NECESARIOS (8)</td><td colspan="3">SEGUIMENTO DA ACCIÓN</td></tr>
<tr><td>VALORACIÓN DA ACCIÓN</td><td colspan="2">ESTADO (10)</td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO4.1:Solicitude de mellora da cobertura wifi</td><td rowspan="3">Dirección</td><td rowspan="3">decembro de 2022</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO4.2: Solicitude de renovación de ordenadores</td><td rowspan="3">Dirección</td><td rowspan="3">decembro de 2022</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO4.3:Solicitude de optimización dos filtros da acceso ao contido inadecuado</td><td rowspan="3">Dirección</td><td rowspan="3">decembro de 2022</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
</table>

*Axuda para completar as táboas:*

(1) **Establecer e numerar** OBXECTIVOS "SMART" (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

a. **Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
b. **Medibles (**Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
c. **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
d. **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
e. **Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conexto da avaliación do Plan, se reflictirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

(5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES**: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN**: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS**: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflictir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*As necesidades de mellora nas infraestruturas e no equipamento para poder levar a cabo o Plan Dixital no IES de Brión serían as seguintes:*

| Infraestrutura | | Observacións |
|---|---|---|
| - Filtro de acceso ao contido inadecuado: non hai acceso a streaming de YouTube nin diversos vídeos educativos | | O filtro de contidos da maqueta abalar impide o acceso a moitos vídeos didácticos, entorpecendo a labor docente. Suxerimos que na maqueta de "profesor" se elimine o filtro de aceso a contidos |
| Servidores facilitados pola xunta con unha capacidade de almacenamento escaso. | | Por exemplo o Copermine |
| - Conexións sen fíos: | | Dispone de conexión sen fíos no centro, aínda que nalgunhas dependencias hai sombras. |
| - Conectividade: | | A conexión a Internet é aceptable aínda que por veces a velocidade é baixa |
| **Equipamento** | **Cantidade** | **Usos do equipamento** |
| - Ordenadores de aula claramente obsoletos: (máis de 11 anos) | 3 | De aula de grupo (de profesor/a) |
| - Ordenadores de aula bastante anteriores a 2016( máis de 7 anos) | 6 | De aula de grupo (de profesor/a) |
| -Ordenadores sobremesa de departamentos moi vellos | 10 | Departamentos |
| - Necesidade de máis ordenadores de alumnado na aula de Tecnoloxía (actualmente 15) | +5 aprox (depende do nº alumnos) | Aula Tecnoloxía(para alumnado) |
| - Necesidade de máis ordenadores de alumnado na aula de Debuxo (actualmente 2) | +8 aprox (depende do nº alumnos) | Aula E. Plástica (para alumnado) |
| -Ordenador portátil do salón de actos vello. | 1 | Salón de actos (de profesor/a) |
| -Ordenador portátil do laboratorio de ciencias vello. | 1 | Laboratorio de Ciencias (de profesor/a) |

## 4. Avaliación do plan

*O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será*

*- No contexto da* ***avaliación procesual*** *a frecuencia da súa realización será a lo menos unha vez ó trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*

*- No contexto da* ***avaliación final*** *a frecuencia da súa realización será unha vez ó ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

## 5. Difusión do plan

*No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro. Despois da súa aprobación será difundido a toda comunidade educativa a través da páxina web do centro.*